

ANUNCIO POLO QUE SE FIXA A DATA LÍMITE DE SOLICITUDE PARA CAMBIOS DE TITULARIDADE POR COMPRAVENDA DOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE DOMBODÁN – BRANZÁ II (ARZÚA - A CORUÑA)

O 06 de novembro de 2017 aprobouse o acordo da zona de reestruturación parcelaria estando a día de hoxe pendente de declarar a firmeza.

O 07.06.2023 a directora xeral de Desenvolvemento Rural ditou resolución, segundo o previsto no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia (modificada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), na que se acorda establecer como **data límite** para solicitar **cambios de titularidade por compravenda o 30.06.2023** (inclusive).

Para isto poderán presentar ante o Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña:

- 1 Solicitud cambio de titularidade.
- 2 Escritura pública da transmisión da titularidade e liquidación do imposto correspondente.

Sínálase que, en todo caso, a persoa adquirente queda subrogada na posición do anterior titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

Nota: No suposto de **falecemento** do titular e cando exista partición de herdanza, se admitirán as solicitudes de cambios de titularidade, ata a firmeza do acordo, sempre e cando a partición se refira a predios de substitución íntegros.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña
María Belén Mosquera Val

